

Constitúese o Consello Coordinador do AECT Río Minho

O alcalde de Vila Nova de Cerveira, Rui Teixeira, é o novo director do Agrupamento Europeo de Cooperación Transfronteiriza (AECT) Río Minho. O acto oficial de constitución do Consello Coordinador celebrouse este xoves en Valença.

Tras as eleccións municipais do pasado 26 de setembro, os alcaldes dos 10 concellos que integran o CIM Alto Minho consensuaron a designación do alcalde cerveirense como director do AECT Río Minho e a do presidente do municipio de Valença, José Manuel Carpinteira, como membro do Consello de Coordinación. Os representantes da Deputación de Pontevedra permanecen en vigor desde setembro de 2019, concretamente o deputado da Cooperación Transfronteiriza, Uxío Benítez, como subdirector, e o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, como vogal do Consello de Coordinación.

Na súa primeira intervención como director do AECT Río Minho, Rui Teixeira amosou o seu “orgullo por asumir este cargo”. Destacando o carácter autonómico, nacional e europeo das eurociudades Cerveira-Tomiño, Valença-Tui e Monção-Salvaterra, Rui Teixeira tamén abordou a importancia de “consolidar a acción do AECT Río Minho en toda a rexión estratéxica do Alto Minho e Galicia, potenciando a súa posición e dando exemplo a Portugal e España, a prol da posta en valor do río Miño e da rexión”.